

PLAN DE REFORZO INDIVIDUAL PARA ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON MATERIAS SEN SUPERAR

1. ACTIVIDADES E PROBAS DE RECUPERACIÓN

O alumnado con materias pendentes do curso anterior terá que seguir as seguintes pautas para recuperala

- Elaboración dun caderno, que debe estar perfectamente ordeado, limpo e cuidado, coas actividades propostas polo departamento referidas aos contidos mínimos da materia a recuperar.
- O alumnado fará un exame trimestral **sobre as actividades realizadas**.
- **O caderno será recollido o día da realización dos exames dos dous trimestres.** Agás casos excepcionais, debidamente xustificados, non se poderán entregar as actividades máis tarde do prazo establecido

2. MATERIAIS E RECURSOS

- O alumnado contará cun libro de texto/fotocopias entregadas polo Departamento para a realización das actividades

3. SEGUIMIENTO DO PROCESO

- A longo do mes de setembro ou principios de outubro o profesorado terá unha reunión inicial co alumnado para explicarlles as pautas, actividades, calendario do programa de reforzo. Proporcionaralle as actividades a realizar
- O profesor asesorará, axudará e controlará a correcta realización das actividades. O alumnado consultará con el as dúbidas que poida ter. Periodicamente o alumnado terá reunións co profesor/a e irá dando conta do seu progreso na realización das actividades. O titor/a será informado dese proceso e dará conta do mesmo aos seus pais e titores
- O profesorado que se encargará do seguimento do alumnado con materias pendentes será o que imparta a materia á alumna ou ao alumno no actual curso académico
- Nas Xuntas avaliadoras trimestrais o profesorado explicará o progreso destes alumnos e alumnas informándose aos seus pais e titores a través do boletín de avaliación

4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A nota de cada avaliación será o resultado da media entre a nota das

actividades e a nota da proba escrita. As actividades representarán un 50% da nota trimestral e a proba escrita un 50%.

- Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa
- No caso de non superar a materia por trimestres propoñeráse revisar e actualizar as actividades de reforzo e recuperación para examinarse nun exame final que se avaliará na avaliación final. A valoración manterá a ponderación dun 50% para as actividades e o outro 50% a proba final

5. INFORMACIÓN AOS PAIS, NAIS E/OU TITORES

- A comenzos do curso e ao mesmo tempo que se lle explica ao alumnado implicado as características do plan de reforzo enviaráselle aos seus titores unha carta coas características do mesmo que serán devoltas ao profesor/a asinadas
- Os pais/nais poderán solicitar información sobre a evolución do alumnado a través dos/as titoras que recabarán información do profesorado implicado
- O profesorado poderá tamén informar, a través do titor/a as incidencias que podan acontecer no proceso e programa de recuperación

6. CALENDARIO

Datas das probas

- 1º Avaliación: Xoves 23 de Novembro 2023 (11:30)
- 2ª Avaliación:: Xoves 7 de Marzo 2024 (11:30)
- 3º Avaliación/FINAL: Xoves 16 Maio 2024 (11.30)